



Prieque

Recoñece Priegue por Patrón tutelar a Sn. Mamede Mártir de Cesarea (206), a quen celebran aquí a súa festa o 7 de Agosto. Habítana 168 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo pobo, e polo político e governativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Reditúan os seus décimos 12.300 reais, dos que leva o Reverendo Bispo de Tui a terceira parte, e as outras dúas terceiras a Inquisición de Santiago con cargo esta de poñer e dotar ao Cura párroco: ademais percibe a última de foros e censos 360 ferrados de millo, e 1.600 reais en diñero. O Cura párroco non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa percibe de renda 20½ ferrados de millo, 15 reais e 24 marabedís. Ten Ermidas de Sn. Román e Sn. Xoán Evanxelista. É Cabeza de Condado, título que deu o Rei a Dn. Baltasar de Sequeyros Silva e Sotomayor en 24 de Agosto de 1643. Disfruta de Escola de primeiras letras, que reditúa anualmente ao Mestre, que ha ser Sacerdote, 440 reais con curta diferenza. Confina co mar Océano. Dista de Tui 3 leguas.

26. ... Coto de Sn. Román, foi por moito tempo anexo da parroquia de Priegue, e parece érao xa no ano de 1528 segundo se ínfire do Sínodo Diocesano daquel mesmo ano. Hoxe non existe por terse suprimido enteiramente incorporándose á matriz. Venerou por Patrón a Sn. Román Mártir de Antioquia, e a súa festa é o 18 de Novembro. (ÁVILA Y LA CUEVA, 508-509).





Igrexa parroquial (205)

Situada nunha ladeira do monte e rodeada dun gran piñeiral.

Foi construída no ano 1747, polos mestres canteiros Manuel Sarrapio e Santiago de Pazos. Axustaron a obra en 6.400 reais a capela maior, e 5.900 reais o corpo da igrexa.

Ten planta de cruz latina.

As Capelas laterais con bóvedas de cantería foron construídas a finais do s. XVIII.

No século XX engadíuselle un pórtico a tres augas diante da porta principal na fachada occidental.

Esta preséntase apilastrada nos extremos e con pináculos no beiril do tellado.

A porta principal é alintelada e por riba ten unha cornixa apoiada en pilastras, na que se adorna con dúas pilastras pequenas a modo de pináculos con remate en esfera.

No centro hai unha **fornela** pequena co **Patrón** en pedra (207). Ten venera e moldura.

No mesmo eixo, e apoiada no frontón curvo que remata a fornela, presenta unha fiestra rectangular con derrame exterior e tamén moldurada. Adórnase no centro da moldura superior con outro pináculo máis pequeno que os da porta.

No centro da fachada, sobre moldura voada, está a espadana de dous corpos. O inferior con dous ocos de medio punto, con molduras e pilastras. O superior de un só oco con frontón triangular, pináculos e cruz pétrea de remate.

O **retablo maior** (208) cobre todo o paramento da ábsida, e ten planta ochavada. O corpo está formado por tres rúas e un ático semicircular.

A rúa central dispónse da seguinte forma: sobre unhas gradas, e independente, está o Sagrario, coa porta ben tallada cunha Custodia enriba dun nimbo de nubes, e adornado con cornixa e columnas laterais. Na última das gradas preséntase o expositor de dous corpos: o primeiro para a exposición do Santísimo e o segundo para a colocación dunha imaxe. Este expositor está sostido por estípites menos potentes que os que fan a división das rúas, e remátase en arco trilobulado.

As rúas laterais teñen fornelas cubertas de cúpulas de cuarto de esfera nervadas.

O entablamento superior é mixtilíneo e polidireccional. Un rebanco adornado con dous anxos fai de apoio á fornela superior que da continuidade á rúa central. Ten cúpula e dous pares de estípites e un de pilastras para sostela. Este sería o lugar do santo titular, que na actualidade atópase no primeiro corpo do expositor, ocupando este sitio un Cristo crucificado que podería pertencer ao retablo de ánimas. Coróase o conxunto cunha cartela sostida por outros dous anxos.

O seu autor é Francisco Fontenla, que o realizou no ano 1765 pola cantidade de 4.800 reais. Ao ano seguinte realizaría o retablo de Santo André da Catedral de Tui. Foi dourado e pintado no ano 1799.

Ademais do retablo maior ten outros catro. Dous na nave e outros dous nas capelas laterais.

Na nave están os do Rosario e das Ánimas.

O **do Rosario** (209) presenta o banco coa única ornamentación dos soportes dos catro estípites que orixinan as tres rúas e as tres peñas. As caixas son sinxelas, as laterais con arco de medio punto e a central trilobulada. Para resaltala máis ten un dobre marco. As imaxes que porta son, no centro, a Virxe do Rosario, e aos lados Santo Antón de Padua e San Roque.

O entablamento fórmase cunha cornixa moi voada e con pináculos nos extremos.

O ático configúrase cunha gran caixa, centrada por dous machóns, que sosteñen ademais a cornixa avanzada coa cartela que coroa todo o conxunto. Nesta fornela está un Crucifixo.

O **retablo das Ánimas** (210) ten no centro do banco unha representación das Ánimas do Purgatorio, como se fora a porta do Sagrario, que ascende ata a rúa central. Tamén os soportes dos catro estípites e as peñas das rúas laterais.

As características máis salientables deste retablo son dúas importantes. Por un lado a decoración dos estípites, que é por medio de caveiras e tibias cruzadas baixo elas. En cada un dos estípites hai dúas (211).

A segunda é que a rúa central ascende por riba do entablamento que coroa as laterais, abríndose para acoller os brazos dunha gran cruz, que puidera ser a que está no retablo maior, e sen entablamento algún, só cunha cartela vexetal no centro, dá paso ao ático, de fornela plana adornada con pintura de cortinaxes.





Remátase con outro entablamento, con pináculos similares aos de cerramento das rúas laterais e unha cartela central co Espírito Santo.

Na capela dedicada á **Virxe do Carne** está o retablo da mesma (212). Ten a lenda seguinte no arco de cerre:

ESTE RETABLO LO MANDO PINTAR POR DEVOCION
Y A SU COSTA DON BERNARDO ANTONIO TRONCOSO

É un retablo de planta ochavada, con tres rúas encadradas por estípites. No banco, os paneis laterais levántanse para servir de peañas das imaxes das rúas laterais, que se adornan con cabezas de anxos e vexetación.

As fornelas laterais rematan en cartelas e a central con bóveda de media esfera nervada.

O ático pecha en arco de medio punto, adaptándose á bóveda da capela, interrompido no centro cun corpo en avance que ten o escudo do Carne.

Neste retablo ten gran importancia a pintura que o adorna, aínda que na actualidade aprécianse as reformas realizadas na fornela central.

Na outra capela hai unha inscrición no arco de entrada:

PARA GLORIA DE DIOS MANDO HACER ESTA CAPILLA A SUS EXPENSAS
MIGUEL ALONSO SANTOS EXISTENTE EN EL RIO JANEIRO. 1793,

Acolle o retablo (213) do **Bo Xesús da Paciencia** (214), que cobre todo o paramento.

Capela do Padre Pío (215)

Nos anos 90 comezouse a construción dun complexo parroquial nesta parroquia, e construíuse a actual capela (216).

FESTAS E ROMAXES DE PRIEGUE

Primeiro fin de semana de Setembro:

Xoves: San Mamede.
Sábado: Sto. Antonio.
Domingo: Bo Xesús da Paciencia.

